

A casa do pai

No pasamento de
Fernández del Riego

CARLOS FREIRE

Acción e pensamento, compromiso e mediación, iniciativa e diplomacia. Para mergullarse na longa e produtiva vida de Francisco Fernández del Riego é preciso ter en conta estes pares de forzas. Durante os seus anos de activismo político antes da caída da República, cando participou na fundación do Partido Galeguista e na posterior redacción do Estatuto de Autonomía, Fernández del Riego foi, malia a súa xuventude, quen máis se preocupou por manter viva a comunicación entre os intelectuais galegos, dende Alexandre Bóveda a Castelao.

Cando aínda era un mozo xa adquirira gran sona como orador. A súa primeira intervención en público deuna cando só tiña 18 anos, con motivo dun 25 de xullo. Ese día escribiu un manifesto de exaltación da data, imprimiuno nun obradoiro de Mondoñedo, repartiuno por toda a vila, convidando ás xentes a sumarse á celebración, e logo marchou cara o balcón do concello, onde izou a bandeira galega e pronunciou un afervorado discurso. En certo modo, a longa vida de Fernández del Riego como político e como home de letras reitera unha e outra vez, en distintas escalas e con distintos actores, este momento único.

E non se pode dicir que descoñecese os perigos que implicaba iniciarse na acción política. Só tiña cinco anos cando presenciou como lle pegaban dous tiros no peito ao seu pai por ser un destacado persoeiro do movemento agrario e loitar contra o caciquismo na Mariña lucense. O pai sobreviviu tras pasar moitos días á beira da morte e anos despois foi visitar ao seu fillo a Madrid, cando este comezaba a carreira de dereito. Era o 14 de abril de 1931, o día que se proclamou a República. Pai e fillo presenciaron xuntos a enorme celebración que se produciu na capital. Porén, cando chegou o momento de regresar a Galicia, o pai, que era veterán da guerra de Cuba, confesoulle que aquel tránsito á República parecíalle improvisado de máis e profetizou que o sangue acabaría correndo de xeito inevitable. Esta evocación da figura paterna non é accidental. Dá a sensación de que mentres para outros autores coetáneos de Fernández del Riego Galicia é unha nai, á que hai que

defender e reivindicar a través do sentir das xentes (Castelao), do seu pasado (Otero Pedrayo) ou das lendas e imaxinario popular (Vicente Risco), para o autor lucense en cambio Galicia semella

un pai que precisa das súas normas e a súa lexislación.

O período de máis actividade pública dentro da vida de Fernández del Riego foi o comprendido entre 1932 e 1936. Tras en-

trar a formar parte do Seminario de Estudos Galegos, comezou a escribir en xornais e revistas da época mentres continuaba os seus estudos de dereito, que agora cursaba na Universidade compostelá. Cada vez máis consciente dos problemas da lingua e a cultura galegas, participaba no intercambio de ideas que tiña lugar nas tertulias do Café Derby e o Café Español, onde "todos churripabamos o noso café con eslaimento de cirurxiáns fríos", como di con humor nas súas memorias.

As ideas convertéronse en acción pouco despois. Fernández del Riego comezou a participar en protestas estudantis e manifestacións, escribiu panfletos e entrou en contacto cos máis importantes intelectuais do momento. Así foi como se converteu nun dos pais do Partido Galeguista, o cal naceu como unha forza interclasista e aconfesional. Fernández del Riego comezou a percorrer Galicia dando mitins, discursos, intervencións, conferencias e o galeguismo converteuse na razón da súa existencia. Porén, os propósitos do partido non eran só políticos. Aqueles homes loitaban para devolverlle a Galicia a súa lingua, a súa cultura, o coñecemento do pasado e do presente e a defensa dos intereses económicos e sociais.

Como representante do Partido Galeguista, Fernández del Riego participou a continuación na redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia. Este levouse logo a consulta popular, superando o trámite cunha porcentaxe que acadou o 99,2% (991.476 papeletas a favor entre as pouco máis dun millón que se emitiron). Non houbo tempo para máis; pouco despois Galicia caía en poder dos sublevados e comezaba a Guerra Civil.



A Fernández del Riego debeuno arrepiar fondamente o feito de que cando se produciu a sublevación militar que levou á Guerra Civil, dos membros do Comité da Fronte Popular reunidos en Santiago para analizar a situación, o único ao que non fusilaron pouco despois fose el. Tivo que pasar un tempo agochado e foi sabendo pouco a pouco dos seus amigos e compañeiros paseados, fusilados ou exiliados. A única forma de salvar a vida era incorporándose a filas e pouco

despois participaba na fronte de Teruel.

Tras o remate da contenda, instalouse en Vigo e a súa vida iniciou unha nova xeira, traballando primeiro como avogado

volveu funcionar e púxose en contacto con outras agrupacións nacionalistas do exterior. Fernández del Riego comeza unha intensa relación epistolar con Castelao e outros que par-

editorial Galaxia. Tamén fundou a revista *Grial* durante os seus primeiros 100 números, ao longo de 25 anos. Asemade, tratou de encher os baleiros existentes na nosa cultura, escribindo unha *Historia da literatura galega* (1951), que publicou inicialmente en castelán obrigado pola censura. Na década dos sesenta fundou e dirixiu a Fundación Penzol, permanecendo no cargo ata este mesmo ano 2010, e participou tamén na creación do Partido Socialista Galego.

Pioneiro cultural

no bufete de Valentín Paz Andrade. Pero non tardou moito en reunirse con Ramón Piñeiro e outros dispostos a reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade. O organismo

tiran cara ao exilio e publica artigos, que firma co seu famoso pseudónimo Salvador Lorenzana. Anos despois participará de forma decisiva na fundación e desenvolvemento posterior da